

**ADAPTACIÓN DA  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
INGLÉS  
curso 2019-20  
(4º,5º e 6º Ed. Primaria)  
Silvia M. Sabín Mesa  
Carolina Núñez García**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE ( 4º primaria)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto.</li> </ul>	<p>PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que contén con apoio visual. CCL(1º,2º e 3º trimestre)</p> <p>PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que tratan sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. CCL,CAA. (1º,2º e 3º trimestre)</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</li> <li>▪ B2.3. Valorar as linguas estranxeiras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás .CCL. (1º,2º e 3º trimestre)</li> <li>▪ PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións dos seus compañeiros/as. CCL,CSC. (1º,2º e 3º trimestre)</li> <li>▪ PLEB2.8. Amona unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. CCL,CSC. (1º,2º e 3º trimestre)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. CCL. (1º,2º e 3º trimestre)</li> <li>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. CCL. (1º,2º e 3º trimestre)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB3.3. Amona interese pola lectura nunha lingua estranxeira .CCL,CAA. (1º,2º e 3º trimestre)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. CCL. (1º,2º e 3º trimestre)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preela-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando</li> </ul>

boradas polo persoal docente.	de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. (1º,2º e 3º trimestre)
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos ...).CSC,CCL.2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. CSC,CCL 2º trimestre</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</li> </ul>	PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. CCL (1º,2º e 3º trimestre)
B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade.	PLEB5.13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente .CCL,CAA (1º,2º e 3º trimestre)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	Procedementos: Recopilación de materiais Seguimento do alumnado www.liveworksheets.com
	Instrumentos: Probas escritas Observación na aula Interacción oral na aula www.liveworksheets.com
<b>Cualificación final</b>	<p>Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p> <p>O procedemento de cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, levarase a cabo polo procedemento de media aritmética (suma das notas dos dous trimestres e o resultado, dividilo entre dous). No caso de que o resultado de facer a media sexa un número decimal, redondearase cara arriba, tendo en conta o traballo realizado no terceiro trimestre. Por exemplo, se a media é un 6,5 porase como nota final un 7.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Avaliación de materia pendentas</b>	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:

	Procedementos e instrumentos de avaliación:

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Diferentes propostas que reforzan os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):</b>	Tanto co alumnado con conectividade como no alumnado sen conectividade repásanse os mesmos contidos. A maioría dos alumnos teñen acceso a internet, polo que con eles trabállase principalmente a través da web <a href="http://www.liveworksheets.com">www.liveworksheets.com</a> . Para o alumnado sen conectividade prepárase material sobre os mesmos contidos, e que chega a eles a través do programa do concello.
<b>Materiais e recursos</b>	Licencias dixitais, <a href="http://www.liveworksheets.com">www.liveworksheets.com</a> , páxina web do colexio e ligazóns de interese relacionadas coa lingua estranxeira.

#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Esta programación quedará a disposición do alumnado e as familias na páxina web do centro e publicitarase na mesma poñendo unha nota informativa do mesmo xeito que facemos coas tarefas diarias.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE (5º primaria)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e articulados con claridade.	PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais. <b>(CCL)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionais de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha pronuncia axeitada.	PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. <b>(CSC)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual.	PLEB3.1. Comprende información básica escrita relacionada cos temas traballados previamente. <b>(CCL)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.2. Recoñecer as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.	PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, adaptado á súa competencia lingüística e acorde á súa idade. <b>(CCL, CD)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma).	PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora. <b>(CCL, CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B4.1. Elaborar textos sinxelos, compostos de frases illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación.	PLEB 4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas traballados previamente. <b>(CCL)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B5.5. Expresarse no presente do verbo To be e have got en afirmativa, negativa e interrogativa, con respostas breves, en todas as persoas; con There is/ There are...	PLEB5.5. Identifica en textos simples: As formas de presente de To Be, a afirmación, a negación, a interrogación, as respostas breves, There is/ There are (1º e 2º trimestres), have got (3º trimestre) <b>(CCL)</b>

B5.7. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.	PLEB5.7 Describe unha escea sinxela dicindo o que hai nela (1º trimestre), compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas (3º trimestre) (CCL)
B5.9. Expresar e comprender indicacións e ordes.	PLEB5.9. Expresa e distingue indicacións e instrucións dentro da aula. (CCL, CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)
B5.10. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.	PLEB5.10. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. (CCL) (1º, 2º e 3º trimestres)
B5.11. Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade ( p.e. enlazar frases sinxelas con <i>and</i> o <i>but</i> ), adecuándoas aos propósitos comunicativos.	PLEB5.11. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. (CCL) (1º, 2º e 3º trimestres)
B5.14. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel.	PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. (CCL, CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)
B5.15. Comparar aspectos lingüísticos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe.	PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe. (CCL, CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Realizase sobre as aprendizaxes xa desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 436/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <p>- Escritos: Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase. Probas escritas individuais. Traballos de grupo.</p> <p>- Oraís: Exercicios de práctica e probas de listening. Intervención e participación oral na clase. (simulacións, xogos oraís...)</p>
Cualificación final	<p>Instrumentos:</p> <p>Probas escritas e oraís , observación na aula, traballos en equipo.</p> <p>Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p> <p>O procedemento de cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, levarase a cabo polo procedemento de media aritmética (suma das notas dos dous trimestres e o resultado, dividilo entre dous). No caso de que o resultado de facer a media sexa un número decimal, redondearase cara arriba, tendo en conta o traballo realizado no terceiro trimestre. Por exemplo, se a media é un 6,5 porase como nota final un 7.</p>

Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Diferentes propostas que reforzan os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación.: Exercicios de gramática, xogos , Listening, lecturas....
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Tanto co alumnado con conectividade como co alumnado sen conectividade repásanse os mesmos contidos. Todos os alumnos agás un teñen acceso a Internet.. Con eles trabállase principalmente poñendo tarefas a través da web do colexio do seu libro de texto , empregando tamén unha lingazón que lles permite escoitar os audios do libro. Usamos tamén outras lingazóns relacionadas cos estándares que se están a traballar. Poñemos na Pweb do cole as correccións das tarefas e estamos en contacto coas familias a través do correo e do teléfono para calquera dúbida que teñan os nenos e os seus pais.</p> <p>Para o alumno sen conectividade prepárase material sobre os mesmos contidos , que chega a él a través do programa do concello.</p> <p>En canto ao alumnado que ten a materia suspensa nalgún dos dous trimestres, consideramos necesario levar a cabo unhas actividades de recuperación, que foron enviadas a dous alumnos por correo electrónico. Ao que non ten conectividade mandóuselle a través do concello. Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que avaliamos son os que aparecen nesta mesma adaptación, tendo en</p>

	<p>conta que todos eles suspenderon a segunda avaliación, que esta materia é unha lingua e polo tanto os coñecementos que se avalían son acumulativos.No caso de que o resultado sexa positivo, a cualificación final non superará o 5.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Libro de texto do colexio: Project 1 Ligazón vinculada a este que poden empregar sen licencia. Outras ligazóns que nos permiten afianzar os contidos traballados.</p>

4. Información e publicidade	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Esta programación quedará a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro e publicitarase na mesma poñendo unha nota informativa na páxina principal, ademais de comunicalo do mesmo xeito que facemos coas tarefas diarias.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE (6º primaria)

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). <b>(CCL, CAA, CSC) (1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B1.5. Entender a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares.	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten de temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre... <b>(CCL, CAA, CSC) (1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B1.6. Comprender as ideas principais de textos orais sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese, a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	PLEB1.6. Comprende as ideas principais de textos orais sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese, a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara. <b>(CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en temas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, actividades...), utilizando expresións e frases sinxelas, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	B2.1. Participa de maneira simple e comprensible en conversas moi breves sobre temas moi familiares, utilizando expresións e frases sinxelas, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos. <b>(CCL, CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.1 Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema traballado e o tipo de texto resulten moi familiares, a condición de que se poida reler o que non se entendeu e conte con apoio visual e contextual.	PLEB3.1. Comprende información básica en textos moi breves e sinxelos con léxico de alta frecuencia, e no que o tema traballado e o tipo de texto resulten moi familiares e exista apoio visual. <b>(CCL, CAA) (1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.5. Comprender o esencial de historias breves e ben estruturadas e identificar os personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte	PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os personaxes principais, a condición de



do argumento.	que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics...) <b>(CCL, CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B3.6. Empregar de forma axeitada os signos ortográficos básicos (punto, coma...).	PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (punto, coma...). <b>(CCL)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	PLEB4.2. Escribe textos moi breves e sinxelos, copiando palabras e frases moi usuais para realizar as <i>funcións</i> comunicativas que se perseguen. <b>(CCL, CAA, CSC)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios ou actividades), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares) e convencións sociais (normas de cortesía) e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre... <b>(CCL, CAA, CSC)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B5.5. Recoñecer un repertorio de texto limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	PLEB 5.5. Compara aspectos lingüísticos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe. <b>(CCL CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p.e. un intercambio de información), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos.	PLEB5.6. Emprega o saúdo para o inicio dunha conversa e a despedida para o peche. <b>(CCL, CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>
B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p.e. un intercambio de información), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos.	PLEB5.7. Escribe diálogos breves e sinxelos nos que se establece contacto social (dirixirse a alguén, interesarse polo estado de alguén) e se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás. <b>(CCL, CAA, CSC)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b>

<p>B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas , aínda que siga cometendo erros básicos de maneira sistemática.</p>	<p>PLEB5.8. Manexa estruturas sintácticas básicas , aínda que siga cometendo erros básicos de maneira sistemática. <b>(CCL, CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b></p>
<p>B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito , de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses.</p>	<p>PLEB5.9. Coñece e utiliza un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; e educación e estudo. <b>(CCL, CAA)</b> <b>(1º, 2º e 3º trimestres)</b></p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

## 2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Realizarase sobre as aprendizaxes xa desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 436/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p> <p>- Escritos: Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase. Probas escritas individuais. Traballos de grupo.</p> <p>- Oraís: Exercicios de práctica e probas de listening. Intervención e participación oral na clase. (simulacións, xogos orais...)</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Probas escritas e orais , observación na aula, traballos en equipo.</p>
Cualificación final	<p>Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.</p> <p>O procedemento de cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria, levarase a cabo polo procedemento de media aritmética (suma das notas dos dous trimestres e o resultado, dividilo entre dous). No caso de que o resultado de facer a media sexa un número decimal, redondearase cara arriba, tendo en conta o traballo feito no 3º trimestre. Por exemplo, se a media é un 6,5 porase como nota final un 7.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p>

	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Diferentes propostas que reforzan os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliación.: Exercicios de gramática, xogos , Listening, lecturas....
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Tanto co alumnado con conectividade como co alumnado sen conectividade repásanse os mesmos contidos. A maioría dos alumnos teñen acceso a Internet, polo que con eles se traballa poñendo tarefas, a través da web do colexio, do seu libro de texto , empregando tamén unha ligazón que lles permite escoitar os audios do libro. Ademais, úsase con asiduidade a ligazón <a href="http://www.liveworksheets.com">www.liveworksheets.com</a>. Tamén se utilizan outras relacionadas cos estándares que se están a traballar. Poñemos na páxina web do cole as correccións das tarefas e estamos en contacto coas familias ,a través do correo e do teléfono, para calquera dúbida que teñan os nenos e os seus pais.</p> <p>Para os alumnos sen conectividade prepárase material sobre os mesmos contidos , que chega a eles a través do programa do concello.</p> <p>En canto ao alumnado que ten a materia suspensa nalgún dos dous trimestres, consideramos necesario levar a cabo unhas actividades de recuperación, que os alumnos recibirán a través da ligazón <a href="http://www.liveworksheets.com">www.liveworksheets.com</a> ,na que están rexistrados.Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe que avaliamos son os que aparecen nesta mesma adaptación, tendo en conta que todos eles suspenderon a segunda avaliación, que esta materia é unha lingua e polo tanto os coñecementos que se avalían son acumulativos. No caso de que o resultado sexa positivo, a cualificación final non superará o 5.</p>
Materiais e recursos	<p>Libro de texto do colexio: Project 2</p> <p>Ligazón vinculada a este que poden empregar sen licencia.</p> <p>Ligazón <a href="http://www.liveworksheets.com">www.liveworksheets.com</a> con licencias dixitais.</p> <p>Outras ligazóns que nos permiten afianzar os contidos traballados.</p>

#### 4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Esta programación quedará a disposición do alumnado e das familias na páxina web do centro e publicitarase na mesma poñendo unha nota informativa na páxina principal, ademais de comunicalo do mesmo xeito que facemos coas tarefas diarias.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.